



Monte da Lagoa

Dende este emprazamento podemos contemplar unhas magníficas vistas das terras que configuran os Concellos de Laxe, Camariñas, Vimianzo, Zas, Cabana de Bergantiños e Ponteceso.

Á nosa esquerda vemos a Serra de Pena Forcada, Coñecida popularmente como os escarpados e rochosos "**Montes ou Penedos de Traba**", formados por catro cumes: "Pena dos Mouros", "Pena Forcada ou Gallada", "O Castelo" e "Torre da Moa", estreitamente relacionados polas caprichosas formas das súas rochas que gardan misteriosos segredos do pasado. Debido a forma dalgún destes penedos moitos historiadores sitúan nestes montes as antigas "Aras Sextianas".



Debaixo desta serra, e na parte esquerda da liña de costa vemos Arou e Camelle onde se atopa o Museo de Alemán. Enfronte temos o Val de Traba (Igrexa, lagoa, dunas,...) e á nosa dereita vemos Soesto, Sarces, O Val de Serantes, Corme, Laxe e a súa ría e as terras do Concello de Cabana de Bergantiños. Se miramos cara atrás contemplaremos as terras dos Concellos de Zas e Vimianzo.

